


Orzamentos **2009** | INFORME  
ECONÓMICO E FINANCEIRO



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA  
E FACENDA



# **INFORME ECONÓMICO - FINANCEIRO**

---

I. A Economía Galega. O seu contorno .....	3
1.- CONTEXTO INTERNACIONAL.....	4
2.- A ECONOMÍA ESPAÑOLA .....	12
3.- A ECONOMÍA GALEGA .....	19
II. O escenario Monetario .....	31
SITUACIÓN MONETARIA E FINANCEIRA .....	32
1.- TIPOS OFICIAIS DE REFERENCIA.....	34
2.- TIPOS DE XURO INTERBANCARIOS.....	36
3.- MERCADO DE DÉBEDA PÚBLICA.....	39
4.- MERCADOS BOLSISTAS.....	41
5.- AGREGADOS MONETARIOS DA ÁREA EURO.....	44
6.- TIPOS DE CAMBIO.....	48
III. Os Orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2009.....	50
1.- O ESCENARIO ORZAMENTARIO.....	51
2.- AS PRIORIDADES DO GOBERNO E A SÚA MATERIALIZACIÓN NO ORZAMENTO CONSOLIDADO.....	67

## I. A Economía Galega. O seu contorno

## 1.- CONTEXTO INTERNACIONAL

---

A evolución da economía mundial sufriu un punto de inflexión en agosto de 2007 coa crise financeira provocada polas hipotecas “subprime” nos Estados Unidos. Ata mediados dese ano, a economía mundial atopábase, en termos xerais, nunha boa situación. As previsións dos diferentes organismos internacionais, realizadas na primavera, proporcionaban crecementos do PIB mundial que se situaban en torno ao 5%, tanto para 2007 como 2008. Por exemplo, a Comisión Europea en abril de 2007 prognosticaba un progreso do 4.8% para o conxunto da economía mundial neses dous anos, limitando o crecemento da actividade na UE ao 2.9% en 2007 e ao 2.8% en 2008 (3.7% e 3.4%, respectivamente, para España).

Ás turbulencias financeiras procedentes de Estados Unidos engadíronse, no último cuatrimestre de 2007, unhas fortes tensións inflacionistas provocadas polo elevado encarecemento das materias primas, basicamente as enerxéticas e alimentarias. Por outro lado, non se pode esquecer que importantes economías tiñan pendente un axuste do sector da construción que, como consecuencia dunha crecente falta de liquidez, acabou por precipitarse dunha forma moito máis brusca que a pensada inicialmente.

A medida que foi avanzando 2008, a economía mundial instalouse nun escenario dominado por unha crecente incerteza. Malia que as presións inflacionistas reducíronse, a tormenta financeira foi aumentando, alcanzando a principios de outono un particular dramatismo coa quebra de importantes bancos de Estados Unidos e a Unión Europea, o que obrigou á intervención das autoridades económicas para restituír a confianza nos mercados financeiros. As actuacións de saneamento por parte do sector público foron de diferente tipo, destacando nos dez primeiros días do

presente mes de outubro as destinadas a elevar sensiblemente o nivel de garantía mínima dos depósitos. Resulta prematuro valorar a eficacia de tal batería de medidas para superar a convulsión que padecen os mercados financeiros e bolsistas, aínda que é evidente que a capacidade da UE para dar unha resposta única foi nula, o que deu lugar a unha ampla gama de mínimos garantidos polos estados membros, causando non só obvias distorsións ao principio de libre competencia no mercado interior europeo senón tamén engadindo aínda máis desconcerto.

Por outro lado, os bancos centrais instrumentaron dende hai meses diferentes actuacións para inxectar liquidez nos mercados financeiros, o que non evitou unha crecente desconfianza por efecto da opacidade existente respecto ao nivel de toxicidade alcanzada por un importante volume de activos, a causa do déficit de regulación existente en certos países, entre os que destaca a maior economía do mundo. Esa xeneralizada inxección de liquidez foi acompañada por políticas de interese moi diferentes, moi laxa no caso de Estados Unidos, onde o tipo de referencia descendeu ata o 2%, e claramente restritiva na Zona euro, onde aumentou ata o 4.25%. O pasado 8 de outubro, diferentes bancos centrais -particularmente a FED e o BCE- concertaron unha baixada dos tipos de interese de medio punto porcentual, situándose nun 1.5% en Estados Unidos e dun 3.75% na UEM, tratando de aliviar as restricións de liquidez dos mercados interbancarios e reducir os estrangulamentos do sistema financeiro. Non obstante, o diferencial existente entre os dous tipos é unha proba palpable de que a prelación de obxectivos das dúas autoridades monetarias é moi dispar, cobrando un maior rango a estabilidade de prezos no caso do BCE.

En calquera caso, a presión dos distintos factores adversos quebrou a confianza das familias e das empresas, os indicadores das cales se afundiron

no conxunto dos países desenvolvidos, o que tivo un impacto recesivo sobre os principais compoñentes da demanda interna: consumo privado e inversión. Por iso, as previsións de crecemento foron flexionando gradualmente á baixa de tal forma que, na primavera pasada, a da Comisión Europea reduciu nun punto porcentual a expansión do PIB mundial fixada un ano antes para o presente exercicio, cun recorte moito máis amplo en Estados Unidos; na eurozona, a previsión pasou dun 2.5% de crecemento do PIB a un 1.7% e en España do 3.4% ao 2.2% (cadro 1).

**Cuadro 1.- Previsións macroeconómicas. PIB.**

TAV (%)

	<i>Primavera 2007</i>	<i>Primavera 2008</i>	
	<b>2008</b>	<b>2008</b>	<b>2009</b>
PIB mundial	4,8	3,8	3,6
Unión Europea	2,7	2,0	1,8
Área Euro	2,5	1,7	1,5
Francia	2,3	1,6	1,4
Alemaña	2,4	1,8	1,5
Italia	1,7	0,5	0,8
Portugal	2,0	1,7	1,6
España	3,4	2,2	1,8
Reino Unido	2,5	1,7	1,6
Estados Unidos	2,7	0,9	0,7
Xapón	2,1	1,2	1,1
China	10,4	10,0	9,1
India	7,4	8,0	8,0

*Fuente: Comisión Europea*

Dado o forte ritmo de desaceleración, en setembro de 2008 a Comisión Europea viuse de novo obrigada a corrixir á baixa as previsións efectuadas en abril, restrinxindo o seu prognóstico a 2008 e ás principais economías da UE, razón pola cal non figuran no cuadro 1. A progresión do PIB en 2008 para



a UE diminuíu ao 1.4% -que tamén é a cifra fixada para España-, sendo a da eurozona unha décima inferior á anterior, situándose a do Reino Unido nun 1.1%.

Obviamente, o paulatino deslizamento das previsións cara á baixa é consecuencia da complicada situación que viviu a economía mundial durante a primeira metade do ano, particularmente a que está a atravesar o grupo dos países desenvolvidos. No cadro 2 ofrécese a traxectoria seguida polas taxas intertrimestrais de variación do PIB nunha serie de países da OCDE, mediante o cal pode apreciarse que a fase expansiva comeza a dar signos de esgotamento na maior parte dos países no cuarto trimestre de 2007, aínda que no primeiro trimestre de 2008 quede enmascarado por algún dato puntual como, por exemplo, o correspondente a unha economía do peso da alemá. Os datos do segundo trimestre de 2008 son moi preocupantes cun descenso do PIB con respecto ao anterior en OCDE-Europa (-0.1%), rexistro idéntico ao da Unión Europea.

O expansivo dato de Estados Unidos no segundo trimestre de 2008 é un espellismo dada a delicada situación que atravesa a súa economía posto que, en boa parte, obedece a un vigoroso repunte do consumo privado, favorecido polas devolucións impositivas que, por un importe superior aos 100.000 millóns de \$, se iniciaron en abril e concluíron en xullo. Pola contra, a inversión tivo un comportamento claramente recesivo, cun retroceso que afectou tanto aos bens de equipo como, sobre todo, á inversión residencial. A achega do sector exterior ao crecemento foi positiva e moi elevada, ao combinarse un espectacular aumento das exportacións cunha notable diminución das importacións, propiciados pola depreciación do dólar. Dende mediados de ano, a súa cotización experimentou unha paulatina apreciación respecto a o euro e, polo tanto, o

máis normal é que a forza tractora do sector exterior perda forza na segunda metade do presente exercicio. O FMI prognostica, nas súas recentes *Perspectivas Económicas Mundiais*, publicadas o pasado 8 de outubro, un crecemento do PIB de Estados Unidos do 1.6% en 2008 e do 0.1% en 2009, razón pola cal non cabe albergar grandes doses de optimismo sobre o futuro a medio prazo da economía norteamericana.

Os rexistros da economía xaponesa no segundo trimestre de 2008 foron moi desfavorables, ao retroceder o PIB un 0.7% con respecto ao primeiro, cunha caída de todos os compoñentes da demanda interna e unha diminución das exportacións (-2.5%), a primeira que rexistra dende finais de 2004. De acordo cos prognósticos do FMI, Xapón pecharía 2008 cun avance do PIB limitado a un 0.7%, que se reduciría aínda máis en 2009 (0.5%).

A economía da eurozona experimentou unha contracción o segundo trimestre de 2008 (-0.2%) respecto ao primeiro trimestre, o que supón o primeiro descenso dende 1995. O consumo privado e a inversión retrocederon (0.2 e 1.2%, respectivamente), sendo o consumo público o único elemento que, cun incremento do 0.5%, subministrou algún estímulo ao crecemento da demanda interna. En canto ao sector exterior, a súa contribución foi neutral, ao diminuír un 0.4% tanto as importacións como as exportacións. As últimas previsións do FMI auguran un crecemento do PIB dun 1.6% en 2008, caendo a un 0.1% en 2009.

Cuadro 2.- PIB. Taxas de variación intermestrais (%)

	2006				2007				2008	
	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2
Unión Europea	0,9	1,1	0,6	0,9	0,8	0,6	0,6	0,5	0,6	-0,1
Área Euro	0,8	1,1	0,5	0,8	0,7	0,5	0,6	0,4	0,7	-0,2
Francia	0,7	1,0	0,0	0,5	0,6	0,6	0,7	0,4	0,4	-0,3
Alemaña	0,8	1,5	0,7	1,1	0,4	0,4	0,6	0,3	1,3	-0,5
Italia	0,7	0,5	0,3	1,0	0,3	0,1	0,1	-0,4	0,5	-0,3
Portugal	0,3	0,7	0,1	0,4	0,8	0,5	0,0	0,6	-0,2	0,3
España	0,9	1,1	0,9	0,9	1,0	1,0	0,6	0,6	0,3	0,1
Reino Unido	1,1	0,7	0,5	0,9	0,9	0,8	0,8	0,5	0,3	0,0
Estados Unidos	1,2	0,7	0,2	0,4	0,0	1,2	1,2	0,0	0,2	0,7
Xapón	0,5	0,9	0,2	1,0	0,9	-0,3	0,2	0,6	0,7	-0,7
OCDE-Europa	0,8	1,3	0,6	0,9	0,8	0,7	0,6	0,5	0,8	-0,1
Total OCDE	1,0	1,0	0,4	0,7	0,6	0,8	0,8	0,4	0,5	0,1

Fonte: OCDE

En boa medida, a contracción intertrimestral do PIB da eurozona vén motivada polo comportamento da economía alemá, na que a produción de bens e servizos se reduciu un 0.5% no segundo trimestre. O consumo privado caeu un 0.7%, o terceiro descenso consecutivo, e a formación bruta de capital fíxoo en maior medida, ao diminuír un 0.5% a inversión en bens de equipo e nun 3.5% o compoñente achegado pola construción. O sector exterior achegou catro décimas á variación do PIB, ao baixar un pouco máis as importacións (1.3%) que as exportacións (0.2%). As citadas previsións do FMI cifran nun 1.% o crecemento do PIB de Alemaña en 2008 e un estancamento (0.0%) en 2009.

A economía francesa tamén presenta signos de debilitamento, cunha variación intertrimestral do -0.3% no segundo trimestre de 2008, o que é o froito do comportamento recesivo do consumo privado e da formación bruta de capital fixo e dunha contribución negativa do sector exterior, ao caer máis as exportacións que as importacións. Os prognósticos do FMI ofrecen

un leve incremento do PIB en 2008 (0.8%), que practicamente se estancará en 2009 (0.2%). Hai que ter en conta que Francia non só é a segunda economía da eurozona senón que, ademais, Galicia é particularmente sensible á evolución da súa demanda interna, ao ser de forma destacada o principal cliente das empresas residentes no noso territorio, que destinan ao mercado galo o 40% das súas exportacións internacionais de bens.

Italia atravesa, dende fai xa bastantes trimestres, unha conxuntura económica caracterizada por un escaso dinamismo. As previsións do FMI non son nada prometedoras, configurando un escenario recesivo en 2008 e 2009, con descensos respectivos do PIB dun 0.1% e dun 0.2%.

Portugal -que é o segundo socio comercial de Galicia ao absorber un 15% das nosas exportacións- sufriu dende 2000 unha complicada situación económica, iniciando un lento despegue en 2007, exercicio no que o PIB creceu un 1.9%, que se frustrará segundo o FMI en 2008 (0.6%) e en 2009 (0.1%).

Por último, o Reino Unido que, no contexto europeo gozou dunha apreciable expansión nos últimos anos, saldou o segundo trimestre de 2008 cun estancamento do PIB (0.0%), o que non fai máis que confirmar a desaceleración económica que viña rexistrando dende o último trimestre de 2007. O FMI prevé un crecemento do 1.0% no presente exercicio e unha recesión (-0.1%) en 2009.

A segunda semana de outubro de 2008 pasará á historia económica mundial. A citada baixada coordinada de 0.5 puntos dos tipos de interese saldouse na UEM cun aumento do euríbor, reflexo da desconfianza que reina dentro do sistema financeiro. O 10 de outubro trouxo consigo un colapso bolsista a nivel mundial, cunha caída xeneralizada que, ademais, alcanzou unha dimensión sen precedentes, o que levou ao peche -ou á suspensión durante

varias horas- de bolsas tan afastadas entre si como Austria, Brasil, Islandia, Rumania, Rusia, Thailandia,... o que constitúe unha palpable proba non só das profundas interrelacións financeiras da economía global senón tamén de que o contaxio afectou a todo o mundo.

As perspectivas son, pois, moi desfavorables, porque o impacto do crash de 2008 sobre a economía real será considerable. Só a restitución da confianza pode contribuír a corraxir a actual situación, que levou a que ferventes partidarios da autorregulación dos mercados non teñan a máis mínima dúbida ao propoñer que o sector público participe no capital dos bancos. Así é, só a intervención pública pode sacar aos mercados financeiros do colapso, pero para iso é necesario que sexa concertada e multilateral, dentro da UEM en primeiro lugar -implementar medidas que, por exemplo, restablezan a confianza nos mercados interbancarios- e, inmediateamente, entre todos os países avanzados e emerxentes que sexan pezas significativas da economía global.

## 2.- A ECONOMÍA ESPAÑOLA

---

A economía española viviu unha prolongada etapa expansiva que se estendeu dende 1995 ata 2007. A comezos do cuarto trimestre de 2008 resulta evidente que nos atopamos noutra fase do ciclo, claramente contractiva, e só nos queda a dúbida respecto ao tempo necesario para proceder aos necesarios reequilibrios e asistir a un relanzamento económico que, necesaria e deseablemente, debería encadrarse dentro dun modelo diferente de crecemento, en que o capital humano e o capital tecnolóxico cobren unha crecente e decisiva importancia como factores motrices.

Durante a primeira metade de 2008, a economía española acentuou a tendencia á baixa que iniciara na segunda metade de 2007: abonde dicir que o último dato dispoñible da *Contabilidade Nacional de España*, referido ao segundo trimestre, proporciona un aumento interanual do PIB do 1.8% fronte ao 3.9% correspondente a idéntica fase temporal de 2007. Ese pronunciado debilitamento do pulso da actividade foi particularmente intenso no consumo privado e, sobre todo, na inversión, o que empezou a danar de forma severa ao mercado laboral. En suma, a tormenta financeira e, en menor medida na actualidade, a escalada inflacionista incitaron unha crecente incerteza, erosionando gravemente a confianza dos axentes: familias, empresas e entidades financeiras.

Ante a crise actual, a economía española enfróntase, a diferenza doutros países avanzados, con dous importantes activos -contas públicas saneadas e contrastada solvencia do seu sistema financeiro- que, sen dúbida, amplían a súa marxe de manobra. Pero, durante a fase expansiva, a demanda interna creceu por enriba da renda nacional, malia que esta o fixo a un alto ritmo,

o que deu lugar a unhas necesidades de financiamento exterior que roldan o 10% do PIB. Por outro lado, o sector residencial que, entre 1995 e 2007, se erixira nun dos principais motores do crecemento económico atópase nun estado moi complicado. Feitos -elevada dependencia do aforro exterior e acusada crise do sector da vivenda- que constitúen dúas gravosas partidas do balance co que afronta a economía española a actual situación de crise.

No segundo trimestre de 2008, a contribución da demanda interna ao crecemento do PIB limitouse a 1.5 puntos porcentuais, cando no mesmo período de 2007 se elevou a 4.9 puntos. O consumo privado só se incrementou un 1.2% e a formación bruta de capital fixo contraeuse (-0.2%), posto que se ben a inversión en maquinaria e equipo progresou un 2.3% - fronte a un avance interanual do 11.3% no segundo trimestre de 2007- o compoñente achegado pola construción caeu un 2.4%. Polo tanto, o elemento máis expansivo polo lado da demanda interna foi o gasto en consumo final das AA.PP., que creceu un 3.8%. O sector exterior tivo unha achega positiva de tres décimas, ao crecer as exportacións (4.1%) por enriba das importacións de bens e servizos (2.3%), o que dado o avultado desequilibrio exterior non deixa de ser un positivo resultado do desfalecemento da demanda interna.

Polo lado da oferta, o máis destacable é o descenso interanual experimentado pola construción (-1.9%) e pola industria (-2.8%), en boa parte influída polos sectores subministradores de inputs á primeira. A enerxía erixiuse como o grupo de actividade máis expansivo (4.8%) e, polo seu peso produtivo, foron os servizos de mercado os que, cunha progresión do 3.4%, exerceron unha maior tracción sobre o PIB español.

Os indicadores dispoñibles sobre o comportamento da demanda e a oferta agregadas para o terceiro trimestre reflicten unha negativa traxectoria,

entre os que cabe destacar os seguintes: vendas de comercio polo miúdo, matriculación de automóbiles, índice de confianza do consumidor, índice de produción industrial, consumo de cemento, edificación de vivenda residencial, cifra de negocios do sector servizos... Polo tanto, é probable que o débil avance do PIB no segundo trimestre con respecto ao primeiro (0.1%) cambie de signo no terceiro.

O mercado laboral acusou o esgotamento da onda expansiva. A taxa de paro estimada pola *Enquisa de Poboación Activa* superou a barreira dos dous díxitos, situándose nun 10.4% no segundo trimestre de 2008, o que implica unha alza de 2.4 puntos con respecto á referida ao mesmo período do exercicio precedente. O aumento interanual da ocupación foi no segundo trimestre moi baixo (0.3%) e, como a poboación activa progresou a un ritmo moi similar á dos trimestres precedentes -de feito, creceu un 3.1% nun ano, é dicir, lixeiramente por enriba dos rexistros anteriores- a taxa de desemprego experimentou ese significativo aumento. Máis concretamente, entre os segundos trimestres de 2007 e 2008, o incremento da poboación activa elevouse a 679.500 persoas e o do emprego limitouse a 57.800, razón pola cal o paro o fixo en 621.500 activos, é dicir, algo máis do 90% do incremento experimentado pola actividade foi engrosar o continxente de desempregados.

En setembro de 2008: a) O número de afiliados á seguridade social foi de 18.8 millóns de traballadores, practicamente medio millón menos que no mesmo mes do exercicio anterior; b) O número de persoas rexistradas como paradas nas oficinas públicas de emprego elévase a 2,6 millóns de persoas, o que supón un incremento interanual do 30,2%. Datos que reflicten fielmente un rápido e intensa deterioración do mercado de traballo que, en gran parte, se debe ao sector da construción e ás ramas industriais e



terciarias que dependen máis do anterior, particularmente do subsector residencial.

Tras unha excelente primeira metade de 2007 en materia de prezos, factores exóxenos deron lugar a unha preocupante inflación que, en xullo de 2008, alcanzou un máximo interanual do IPC dun 5.3%, cando nese mesmo mes do ano anterior a cifra correspondente se situaba nun 2.2%. En agosto de 2008, as tensións inflacionistas amainaron coa moderación dos prezos internacionais do petróleo e outras materias primas, dando lugar a unha tendencia que, previsiblemente, continuará nos próximos meses. Debe terse en conta que, excluindo do IPC os grupos de enerxía e alimentación, a taxa de variación anual de agosto de 2008 se sitúa nun 2.4%, unha décima por debaixo de idéntico mes do ano anterior. A elevada dependencia enerxética de España carrega que o impacto inflacionista dos prezos do cru cobre unha maior forza e, en gran parte, explica que o diferencial entre o seu IPC e o da UEM se dobrara, pasando de medio punto de media nos oito primeiros meses de 2007 un punto en idéntico período de 2008.

A produtividade aparente do factor traballo creceu, en termos de *Contabilidade Nacional*, un 1.4% no segundo trimestre de 2008, como consecuencia dos aumentos interanuais do PIB dun 1.8% e do emprego equivalente a tempo completo dun 0.4%. Esa progresión é a maior dos últimos trimestres e, concretamente, duplica a rexistrada no segundo trimestre de 2007. Os grupos de actividade con maiores ganancias de produtividade entre os dous trimestres citados foron enerxía e construción.

Os indicadores salariais presentan unha tendencia alcista dende setembro de 2007, en paralelo co repunte inflacionista. O custo laboral por traballador experimentou un sensible alza na primeira metade de 2008 - 5.1% no primeiro trimestre e 5.3% no segundo-, o que pode ser explicado

por dous feitos: a) As cláusulas de revisión tendentes ao mantemento do poder adquisitivo dos salarios; b) O efecto composición derivado da destrución de emprego na construción, que se podía estar a concentrar nos traballadores con menores salarios e menores custos de despedimento. Sexa como fuere, o custo laboral nominal unitario, que é o cociente entre o custo laboral nominal e a produtividade, experimentou certa aceleración en 2008: 3.9% nos dous primeiros trimestres. Como ese é o dato de referencia para que as empresas aumenten os seus prezos para manter a súa rendibilidade compensando, *ceteris paribus*, as subas salariais, resulta evidente que non é un bo dato para recuperar a virtuosa senda do IPC da primeira metade de 2007.

**Cuadro 3.- Previsións macroeconómicas. España. TVA (%)**

<b>PIB por compoñentes de demanda</b>	<b>2008</b>	<b>2009</b>
Gasto en consumo final nacional	1,7	1,3
Gasto en consumo final nacional de fogares e ISFLSF	0,7	0,4
Gasto en consumo final das AA.PP.	4,9	3,8
Formación bruta de capital	0,3	-1,5
Demanda nacional	1,3	0,5
Exportacións de bens e servizos	4,1	4,0
Importacións de bens e servizos	2,6	1,9
Achega exterior	0,2	0,4
<b>PIB</b>	<b>1,6</b>	<b>1,0</b>
PIB. Prezos correntes TAV (%)	4,6	3,5
PIB (miles de millóns de €)	1.099	1.137
<b>Mercado de traballo</b>		
Emprego (Equivalente a tempo completo)	0,2	-0,5
Taxa de paro (%)	10,4	12,5
Productividade por ocupado	1,4	1,5

Fonte: Ministerio de Economía e Facenda

O escenario macroeconómico que acompaña aos presupostos xerais do estado é o que, de forma abreviada, se ofrece no cuadro 3. As previsións contemplan unha intensa desaceleración da economía española na segunda metade de 2008 e a primeira de 2009, iniciando a mediados deste último

ano un proceso de recuperación que implicará ritmos de crecemento do PIB real que se situarán no ámbito do 3% nos seguintes exercicios.

Despois do 3.7% de crecemento en 2007, o PIB rexistrará modestos aumentos en 2008 (1.6%) e en 2009 (1.0%). A demanda nacional experimentará un avance inferior; o seu principal compoñente, o consumo privado, crecerá por debaixo do PIB o que, tendo como principal efecto unha sensible aminoración da súa capacidade de tracción, implicará tamén un ascenso da taxa de aforro familiar que, na fase expansiva, rexistrou un intenso declive. O consumo público terá un comportamento moderadamente expansivo, cun incremento do 3.8% en 2009. A formación bruta de capital caerá, en 2009, un 1.5% como consecuencia, basicamente, da súa compoñente residencial (-5.1%); o endurecemento das condicións financeiras e a erosión da confianza empresarial lastrarán a inversión en bens de equipo que, cun crecemento do 2.7%, non compensará o descenso que experimentará a vivenda nova.

A contribución do sector exterior será positiva, tanto en 2008 coma en 2009. A debilidade da demanda interna suporá que, no próximo ano, as importacións de bens e servizo crezan un 1.9% e, en parte, explicará tamén que as exportacións o fagan nun 4%, o que suporá unha achega positiva de catro décimas dos dous fluxos de intercambio co resto do mundo ao crecemento do PIB en 2009.

A perda de dinamismo da economía española deixará sentir os seus efectos sobre o mercado laboral. O nivel do emprego agregado sufrirá unha diminución do 0.5% en 2009 o que, unido á incorporación de novos activos ao mercado de traballo, elevará a taxa de paro ao 12.5% (media dos catro trimestres). As ganancias da produtividade do traballo cifraranse nun 1.5% o

que, sendo, un bo rexistro non deixa de ser, en parte, o resultado da perda de emprego.

Tal como sinala o Ministerio de Economía e Facenda no *Informe Económico e Financeiro* dos presupostos xerais do estado o escenario anterior non está exento de risco á baixa debido ao alto grao de incerteza existente sobre a duración e intensidade das turbulencias financeiras. Así, as previsións realizadas polo FMI o pasado oito de outubro prognostican unha recesión para a economía española no 2009, cun descenso do PIB dun 0.2%, ao que seguiría unha gradual recuperación.

A opacidade reinante nos mercados financeiros dificulta o diagnóstico e, por tanto, as previsións de crecemento a medio e longo prazo que, nas circunstancias actuais, hai que acoller coa debida cautela. A desconfianza xeneralizouse e, ao día de hoxe, existe un amplo consenso sobre a necesidade dunha intervención pública concertada para sacar aos mercados financeiros e bolsistas da complicada situación na que se atopan. Se se cumpre esa condición daríase un axeitado paso para reducir os custos e a duración do axuste.


### 3.- A ECONOMÍA GALEGA

---

Dende comezos de 2006, a economía galega creceu máis que a española, o que hai que subliñar debidamente porque, nas últimas décadas, o habitual foi o contrario. A media do crecemento interanual do PIB correspondente aos dez trimestres transcorridos dende o primeiro de 2006 elévase a un 3.8%, tres décimas por enriba da cifra española (gráfico 1) que, á súa vez, foi superior nun punto á correspondente ao conxunto da UE. Ese elevado ritmo favoreceu aumentar sensiblemente a converxencia, de tal forma que, en 2007, o PIB per cápita galego, medido en termos de paridade de poder de compra, se situou nun 88.6% da media de UE-27, fronte a un 84.1% en 2005, o que implica un recorte de 4.5 puntos porcentuais do diferencial en só dous anos. Mantendo esa velocidade do proceso de converxencia, o que non é sinxelo, Galicia alcanzaría a renda media europea en cinco anos, é dicir, aproximadamente ao final do escenario financeiro 2007-2013, co peche da cal deixaremos de ser rexión *converxencia* e, polo tanto, teremos un acceso moito máis limitado aos fondos da política de cohesión da UE.

Como non podía ser doutro xeito se se ten en conta o contexto internacional, dende o terceiro trimestre de 2007 o perfil temporal das taxas de crecemento inicia un perceptible descenso pero, mesmo o último dato dispoñible (2.4% no segundo trimestre de 2008), debe valorarse como positivo considerando o momento económico no que se dá. En efecto, ao longo da primeira metade de 2008, a economía galega vai reducir notablemente o seu crecemento, o que non é óbice para que o aumento interanual do PIB sexa relativamente elevado: 2.8% fronte a un 2.2% en España e a un 1.7% na eurozona.

Gráfico 1. - Crecemento do PIB en Galicia, España e Eurozona. Tva (%).



Fonte.- Eurostat, IGE e INE.

Sentado o feito anterior, e tendo en conta ademais a traxectoria seguida polos indicadores adiantados, é evidente a perda de dinamismo do noso tecido produtivo no primeiro semestre do ano. Ao igual que en España e no conxunto da UE, no segundo trimestre de 2008, o consumo privado creceu (1.6%) non só por debaixo do PIB (2.4%) senón tamén a un ritmo que equivale á terceira parte do que se deu no mesmo trimestre de 2007 (4.8%). O consumo público presenta, así mesmo, unha tendencia moi similar á de España e a UE, ao rexistrar un incremento interanual superior en dous puntos porcentuais ao experimentado polo PIB. En terceiro lugar, a inversión que é, con diferenza, o compoñente que mellor reflexa o signo da conxuntura económica, só creceu un 0.2% nese segundo trimestre de 2008. Por conseguinte, a achega da demanda interna ao crecemento do PIB

reduciuse a 1.7 puntos porcentuais, cando no segundo trimestre de 2007 se elevou a 5.6 puntos.


Os dous fluxos de intercambio co exterior (incluído o resto de España) manifestan signos de debilitamento, cun práctico estancamento das importacións de bens e servizos e un leve incremento das exportacións. Dado que, con respecto ao segundo trimestre de 2007, o descenso das taxas de variación das primeiras foi máis acentuado que o das segundas, a contribución do sector exterior ao crecemento foi positiva, o que non sucedía dende a segunda metade de 2001, alcanzando un nivel (sete décimas de punto porcentual) que explica preto dun terzo do aumento interanual do PIB galego.

Polo lado da oferta, hai que salientar a contracción do sector industrial, o VAB do cal descende un 2.9% con respecto ao segundo trimestre de 2007 que, en boa medida, se explica pola caída produtiva da automoción, que é un dos sectores máis castigados pola atonía do consumo privado. En segundo lugar, cabe destacar o aumento interanual da construción (2.6%), posto que en España o VAB sectorial diminuíu un 1.9% con respecto ao segundo trimestre de 2007. As actividades terciarias son as que, no seu conxunto, resultaron máis dinámicas, en concreto os servizos de non mercado (4.6%), aínda que polo seu peso na estrutura económica son os servizos de mercado os que, cunha progresión interanual do 3.2%, contribuíron en maior medida ao avance do PIB dende a perspectiva da oferta.

O mercado laboral, como consecuencia desa maior expansión durante os últimos tres anos, coñeceu unha substancial mellora. No que concirne ao principal desequilibrio, a taxa de paro, o gráfico 2 subministra información

sobre o acontecido en Galicia con respecto a España dende o primeiro trimestre de 2004.

Gráfico 2. - Evolución da taxa de paro (%). Galicia e España.



En síntese, ao longo da fase temporal considerada, a fracción desempregada da poboación activa descende de forma paulatina ata o presente exercicio, no que repunta de forma clara no conxunto do estado e moi borrosa no noso caso. Non obstante, o máis sobresaínte é o feito de que entre os segundos trimestres de 2004 e 2008, a taxa de paro española diminúe seis décimas mentres que a galega rexistra unha caída moi próxima aos seis puntos. Esa enérxica diminución da taxa galega de desemprego carrexou unha inversión do diferencial; se en números redondos, na




primeira metade de 2004 a taxa de desemprego galega superaba ás española en tres puntos porcentuais, catro anos despois é dous puntos máis baixa.

A pesar da perda de impulso da actividade económica, no segundo trimestre de 2008, a nosa armazón produtiva daba traballo a 1.2 millóns de persoas, o que supón un incremento de 127.200 ocupados respecto ao segundo trimestre de 2004. Por outro lado, a poboación activa gañou 58.700 persoas -acrecentándose a taxa de actividade dun 53.1% a un 54.9%- e, polo tanto, o desemprego reduciuse en 70.500 parados. Ademais, dous feitos da marcha do mercado laboral galego ao longo dese cuatrienio son especialmente destacables:

A xeración de emprego beneficiou máis á poboación activa feminina, á que se destinaron as tres quintas partes do incremento da ocupación. Iso permitiu que a taxa de desemprego das mulleres galegas se dividira por dous, ao pasar dun 20.9% a un 10.7% entre os dous segundos trimestres de 2004 e 2008.

A taxa de temporalidade reduciuse en tres puntos. A proporción de asalariados con contrato temporal elevábase a un 34.2% no primeiro dos trimestres citados, diminuíndo a un 31.3% no segundo.

Gráfico 3. - Afiliados á seguridade social. Galicia e España. Tva (%).




Fonte.- Ministerio de Trabajo e Inmigración.

Os datos estimados polo INE a través da *Enquisa de poboación activa* deben ser complementados cos dous rexistros administrativos que permiten ter unha visión máis actualizada do mercado de traballo: afiliados á seguridade social e paro rexistrado. En canto aos afiliados, o gráfico 4 pon, en primeiro lugar, en evidencia que o impacto do proceso de regularización de inmigrantes non tivo en Galicia apenas incidencia con respecto a o sucedido a nivel estatal. Amortizado ese proceso a mediados de 2006, os incrementos interanuais son sempre superiores á media española, alcanzando cotas que superan o 4% na primeira metade de 2007, iniciándose na segunda un pronunciado descenso que proba o cambio de fase do ciclo económico. Agora ben, en tanto que a primeira taxa de variación anual con signo negativo de España data de xuño de 2008, hai que esperar a setembro para que aconteza o mesmo con Galicia. Malia ese leve descenso de setembro de

2008, os afiliados galegos á seguridade social elévanse a 1.081.900 persoas, o que supón un aumento moi próximo ás 100.000 persoas con respecto a setembro de 2004.

Gráfico 4. - Paro rexistrado. Galicia e España. Tva (%).




Fonte. - Ministerio de Trabajo e Inmigración.

Malia o carácter netamente expansivo do trienio 2005-2007, o número de parados rexistrados en España mostrou unha grande resistencia á baixa. En Galicia, o descenso non só é máis acentuado senón que, ademais, o paro rexistrado empeza a aumentar en febreiro de 2008, con oito meses de atraso en relación ao total español. Os últimos meses son, sen dúbida, negativos. Concretando en setembro de 2008, o número de parados inscritos nas oficinas públicas de emprego en España supera en 608.000 aos existentes no mesmo mes de 2007. En Galicia, son 15.800 persoas máis as

rexistradas como paradas e, polo tanto, a contribución galega ao avance do paro rexistrado en España limitouse a un 2.6%.

Así pois, o mercado laboral galego sentiu os efectos da crise económica cun notable retardo respecto a España e o empeoramento dos indicadores foi moito menos acusado o que, sen dúbida, hai que poñer en conexión coa evolución do sector da construción nas dúas economías: durante a fase expansiva o auxe do sector residencial en Galicia foi menor e, ao menos de momento, a aterraxe está a ser moito menos brusca que no conxunto do estado.

Gráfico 5. - Evolución do IPC (Xeral). Galicia e España. Tva (%).



Fonte.- INE.

O perfil temporal da inflación española e galega é, loxicamente, moi similar. Pode haber etapas, como a referida aos nove primeiros meses de 2007, na que as taxas de crecemento anual sexan máis baixas en Galicia e outras, como está a acontecer nos últimos meses, que se cumpra o

contrario pero, se se adopta unha perspectiva máis a longo prazo, o percorrido é practicamente o mesmo, tal como se pode comprobar no gráfico 4. A media dos incrementos interanuais do IPC correspondentes aos 44 meses que figuran no gráfico 4 é moi similar: 3.43% en Galicia e un 3.48% en España.

Polo tanto, só engadiremos dous comentarios ao dito no apartado anterior, referido á economía española. En primeiro lugar, a maior progresión dos prezos galegos ao consumo fronte aos españois ao longo de 2008 explícase, en boa parte, polo peso máis alto dos dous grupos con maiores tensións inflacionistas: enerxía e alimentación. En segundo lugar, é razoable pensar que, se se manteñen as actuais circunstancias nos mercados internacionais de materias primas, o dato do IPC de xullo sexa un máximo a partir do cal se inicie unha gradual desinflación, que conduciría a un ascenso interanual dos prezos españois ao consumo que roldaría o 3.5% en decembro que, polo dito anteriormente, é extrapolable ao IPC galego.

En Galicia, a produtividade aparente do factor traballo creceu, en termos de *Contabilidade Nacional*, un 1.3% no segundo trimestre de 2008, ao combinarse un avance interanual do PIB real dun 2.4% cun aumento dun 0.9% no emprego (postos de traballo equivalentes a tempo completo). Esa ganancia da produtividade do traballo encádrase, a diferenza da española, na tendencia dos últimos trimestres, o que equivale a dicir que, en xeral, ao longo dos últimos anos, os aumentos de eficiencia na asignación dese factor foron superiores en Galicia o que, ademais de reducir, a distancia que nos separa da produtividade media estatal se configurou como o motor da converxencia en renda.

O custo laboral por asalariado acrecentouse menos en Galicia (4.4%) que en España (5.2%) na primeira metade de 2008. Non obstante, ese aumento

interanual non só é superior aos rexistrados nos trimestres de 2007 -3.6% de media- senón que, ademais, se intensificou no segundo trimestre (5.1%) respecto ao primeiro (3.7%). Dado que as ganancias interanuais da produtividade do traballo cifráronse, en termos reais, nun 1.4% no primeiro trimestre e nun 1.5% no segundo trimestre do presente exercicio, todo iso implica unha aceleración do custo laboral nominal por unidade de produto, ao pasar respectivamente dun aceptable 2.3% a un 3.6% que, como se dixo anteriormente, é unha boa aproximación á presión inflacionista promovida polos incrementos salariais.

Na situación actual, caracterizada por o retraemento da demanda interna, as empresas galegas deben competir nos mercados exteriores en maior medida que na fase expansiva. E que o prezo non sexa o único elemento da competitividade non significa que non sexa un importante ingrediente desta. Polo tanto, as marxes empresariais e os salarios deben evolucionar de forma razoable, moito máis se se ten en conta que o encarecemento do input enerxético xa provocou un notable aumento dos custos de produción, como queda reflectido polo Índice de prezos industriais que, en Galicia, experimentou un ascenso interanual do 8.7% en agosto pasado fronte a unha cifra do 3.1% no mesmo mes de 2007. Por outra parte, se non se produce unha ralentización das subas salariais no futuro inmediato, inevitablemente o principal factor de axuste serán as cantidades -é dicir, o nivel da demanda empresarial de traballo: o número de traballadores- ante a imposibilidade de acomodar os prezos, iso é os salarios. Polo tanto, é responsabilidade de empresarios e traballadores que non se produza un encarecemento relativo do factor traballo que, na situación actual, só pode conducir a unha menor creación de emprego e a unha suba do paro, o que equivale a unha perda de confianza dos fogares e a un maior refluxo do

consumo privado, o que polo seu peso no PIB suporía un pesado lastre para o crecemento e, á súa vez, máis desemprego.

#### CADRO 4. - PREVISIONS MACROECONÓMICAS. GALICIA. TVA (%).

	2008	2009
<b>PIB por compoñentes de demanda</b>		
Gasto en consumo final nacional.	2,0	1,3
Gasto en consumo final nacional de fogares e ISFLSF	1,5	0,6
Gasto en consumo final das AA.PP.	3,6	3,7
Formación bruta de capital	0,5	-1,0
Demanda nacional	1,5	0,6
Exportacións de bens e servizos	2,0	3,0
Importacións de bens e servizos	1,2	1,6
Achega exterior	0,3	0,6
<b>Produto interior bruto</b>	<b>2,0</b>	<b>1,3</b>
Produto interior bruto. Prezos correntes	5,2	3,8
<b>Mercado de traballo</b>		
Emprego (equivalente a tempo completo): variación (%)	0,9	0,0
Taxa de paro (%)	8,9	10,8
Productividade do traballo: variación (%)	1,1	1,3

As previsións macroeconómicas para 2008 e 2009 ofrécense no cadro 4 e toman como referencia básica as que acompañan aos presupostos xerais do estado. Ademais, contemplan un escenario de moderación salarial sen o que serían inviables tanto o obxectivo de crecemento como o de mantemento do emprego. En tales condicións, e considerando o acontecido nos últimos anos, o PIB progresará un 2.0% en 2008 e un 1.3% en 2009. Neste último ano, o avance da produción de bens e servizos será tres décimas superior a media estatal, aínda que iso implique un crecemento tres veces inferior ao rexistrado en 2007. Polo tanto, nunha fase radicalmente distinta do ciclo, proseguirá o proceso de converxencia en renda por habitante con España e a UE.

A demanda nacional limitará o seu incremento a un 0.6%, unha décima tan só por enriba da media española, progresando o gasto en consumo final un

1.3%, o mesmo que no conxunto do estado, pero cunha estrutura dispar, ao incrementarse en Galicia un pouco máis o compoñente privado e progresar levemente por debaixo o consumo público. A formación bruta de capital terá un comportamento recesivo, caendo un 1.0%, por efecto do descenso da inversión residencial.

O sector exterior terá unha contribución positiva ao crecemento do PIB. O avance das exportacións de bens e servizos será modesto (3.0%) pero, practicamente, duplicará o das importacións (1.6%), o que terá como consecuencia que a metade do incremento do PIB en 2009 se deba ao sector exterior.

Ese moderado crecemento do PIB terá como principal resultado o mantemento do emprego agregado, posto que é previsible pensar que as perdas ocupacionais do primeiro semestre sexan compensadas coas ganancias do segundo se, insistimos, as subas salariais son razoables. Dada a estabilización do emprego en torno a 1.2 millóns de persoas en 2009 e, cunha hipótese de aumento dos activos nun 1.5%, o que implica que o número de parados se incremente en 20.000, a taxa galega de desemprego aproximaríase ao 11% para o conxunto de 2009, un punto e medio inferior á prevista para o conxunto do estado.



## II. 0 escenario Monetario

---

## SITUACIÓN MONETARIA E FINANCEIRA

---

Ao longo do 2008 o panorama financeiro internacional presenta unha situación extremadamente delicada, caracterizada por un aumento das tensións e da inestabilidade financeira. Tras pasar xa un ano dende que estalou en Estados Unidos a crise das hipotecas "subprime", as turbulencias financeiras non só non cesaron, senón que se intensificaron.

A traxectoria alcista das presións inflacionistas, motivadas fundamentalmente polo constante incremento do prezo do petróleo e das materias primas, e a deterioración das principais economías desenvolvidas, con especial incidencia en Estados Unidos, incidiron negativamente na situación monetaria e financeira, aumentando a probabilidade de que a crise se prolongue ata ben entrado 2009.

A iso hai que sumarlle, a revisión á baixa da cualificación crediticia dalgunhas das principais aseguradoras de bonos, a publicación de elevadas perdas por parte dalgúns bancos de investimento en Estados Unidos, as graves dificultades financeiras de importantes entidades bancarias e crediticias de Estados Unidos, e mesmo a quebra de algunha delas.

Este panorama de incremento de tensións financeiras derivou nun abrupto incremento das primas de risco crediticio, unha caída xeneralizada das bolsas, que rexistraron perdas significativas, e incrementos nas rendibilidades dos bonos a longo prazo, se ben estes últimos experimentaron unha leve corrección á baixa en xullo.

A necesidade de restaurar a confianza no sistema financeiro e facilitar o financiamento bancario impulsou ao goberno norteamericano a elaborar un

plan de rescate que contemplaba a adquisición de activos danados (TARP) e medidas de apoio ao contribuínte (medidas de estímulo fiscal e incremento da cobertura do fondo de garantía de depósitos), que posteriormente se reformulou orientándose á recapitalización das entidades financeiras (mediante a compra de accións preferentes por parte do Tesouro) e á garantía á emisión de débeda senior.

O Eurogrupo, pola súa parte, anunciou un plan de acción coordinado para os países da Área euro, en aras de establecer unha folla de ruta común no proceso de xestión da crise financeira e coa finalidade de asegurar condicións de liquidez apropiadas para as institucións financeiras, facilitar o financiamento bancario a medio prazo, apoiar a recapitalización de entidades bancarias e garantir a flexibilidade na implementación das regras de valoración de activos.

No ámbito nacional, autorízase a outorgar avais do Estado ás operacións de financiamento novas que realicen as entidades de crédito residentes en España e autorízase ao MEH, con carácter excepcional e ata o 31 de decembro de 2009, para a adquisición de títulos emitidos polas entidades de crédito residentes en España, incluíndo participacións preferentes e cotas participativas, cando estas entidades necesiten reforzar recursos propios e así o soliciten.

A estas medidas hai que engadir a acción conxunta dos bancos centrais para baixar os tipos de xuro e a decisión do Banco Central Europeo de conceder empréstitos ilimitados aos bancos a un tipo de xuro fixo.

O mercado reaccionou positivamente ás medidas adoptadas, se ben, as melloras nos principais focos de risco (mercado de crédito e interbancario) foron, ata o momento, moi graduais.

## 1.- TIPOS OFICIAIS DE REFERENCIA

TIPOS DE XURO OFICIAIS DO BANCO CENTRAL EUROPEO			
	2006	2007	2008 Outubro
Operacións principais de financiamento	3,5	4,00	3,75
Facilidade marxinal de crédito	4,50	5,00	4,25
Facilidade de depósito	2,50	3,00	3,25

Como xa se sinalou anteriormente, a evolución financeira estivo condicionada pola maior preocupación polos riscos inflacionistas a nivel global e pola aparición de novos brotes de inestabilidade financeira, tras certa relaxación das tensións en abril e maio.

Tras un prolongado período de mantemento dos tipos de xuro oficiais, o Consello de Goberno do BCE decidiu, na súa reunión de principios de xullo, subir 25 puntos básicos o tipo de xuro das operacións principais de financiamento, ata o 4,25% (os tipos da facilidade de depósito e da facilidade marxinal de crédito eleváronse ata o 3,25% e o 5,25%, respectivamente). Máis recentemente, na súa reunión do pasado 4 de setembro, decidiu o mantemento dos citados tipos de xuro.

Con esta decisión, o BCE tratou de previr a aparición de efectos de segunda rolda na formación de prezos e salarios, reafirmando o seu compromiso co obxectivo de estabilidade de prezos no medio prazo e a súa determinación de manter as expectativas de inflación en niveis acordes coa devandita estabilidade.

Pola súa banda, a Reserva Federal, co obxecto de incentivar a maltreita economía norteamericana, continuou no 2008 coa súa política de redución do tipo obxectivo dos fondos federais ata alcanzar o 2%.

Non obstante, ante o constante goteo de acontecementos que leva producíndose nos últimos meses, os principais bancos centrais do mundo (BCE, Reserva Federal, Reino Unido, Suíza, Suecia e Canadá), nunha actuación sen precedentes, decidiron o 8 de outubro recortar en medio punto o prezo oficial do diñeiro nas súas respectivas áreas de influencia.

Segundo sinala o comunicado emitido polo BCE, as presións inflacionistas comezaron a moderarse nalgúns países, como consecuencia, en certa medida, do acusado descenso dos prezos da enerxía e doutras materias primas. As expectativas de inflación están a diminuír e permanecen ancoradas en niveis compatibles coa estabilidade de prezos.

Con este xesto, os bancos centrais intentan aliviar as presións que están a afogar os sistemas financeiros, inxectando liquidez nos mercados interbancarios, co obxecto de que o crédito volva ser accesible para fogares e empresas.

## 2.- TIPOS DE XURO INTERBANCARIOS.

TIPOS DE XUROS DO MERCADO MONETARIO					
	2006	2007	2008		
			Abril	Xuño	Setembro
Euríbor 1 día (EONIA)	2,83	3,86	3,97	4,01	4,27
Euríbor 1 mes	2,93	4,08	4,37	4,47	4,66
Euríbor 3 meses	3,07	4,27	4,78	4,94	5,02
Euríbor 12 meses	3,43	4,44	4,82	5,35	5,38

*(Media de cada período)*


As tensións existentes no mercado interbancario ligadas a problemas de liquidez e ao risco de contrapartida, prolongáronse ao longo do 2008.

Todo iso deu lugar a un aumento continuado dos tipos de xuro do mercado interbancario. Así, dende finais de marzo o EURÍBOR a un mes e a un ano incrementouse ao redor de 10 pb e 70 pb, respectivamente, ata alcanzar, nos días posteriores á reunión de xullo, niveis en torno ao 4,5% e ao 5,4%.


Neste contexto, o BCE seguiu inxectando liquidez de forma extraordinaria a través das operacións principais de financiamento, nas que se seguiron adxudicando volumes por enriba das cantidades consideradas como neutrais, e tamén a través das operacións a máis longo prazo suplementarias e das operacións en dólares.

Con esta política o BCE logrou que os tipos a máis curto prazo se situasen en niveis próximos ao tipo que marca o ton da política monetaria.


Gráfico: CURVA MERCADO MONETARIO



**Gráfico: EONIA (Media mensual)**



**Gráfico: Euribor 12 meses**





### 3.- MERCADO DE DÉBEDA PÚBLICA.


MERCADO ESPAÑOL DE DÉBEDA PÚBLICA					
	2006	2007	2008		
			Abril	Xuño	Setembro
A 3 ANOS	3,48	4,13	3,96	4,73	4,20
A 5 ANOS	3,63	4,19	4,03	4,71	4,20
A 10 ANOS	3,78	4,31	4,31	4,79	4,55

*(Media de cada período)*

Nos mercados de débeda pública as rendibilidades mantiveron unha senda alcista dende mediados de marzo, aínda que posteriormente se observou certa corrección á baixa.


Dende que comezou a crise das subprime, o diferencial da débeda pública española con respecto á débeda pública alemá non parou de aumentar ata alcanzar a finais do mes de setembro ata os 50 puntos básicos.

**Gráfico: Débeda 10 anos**



No conxunto da UEM, o incremento do rendemento da débeda a dez anos, duns 70 pb no conxunto do período, foi algo máis pronunciado que o observado en Estados Unidos, polo que o diferencial negativo do bono norteamericano fronte ao europeo se ampliou ata valores próximos aos 80 pb.

**Gráfico: Diferencial IRS-Débeda**



#### 4.- MERCADOS BOLSISTAS.

---

A deterioración das expectativas de crecemento reflectiuse na evolución das bolsas, onde a partir de maio se rexistrou un descenso pronunciado das cotizacións e un incremento da volatilidade, de modo que grande parte dos índices europeos alcanzaron os seus mínimos anuais.

A pesar das medidas adoptadas co obxecto de facilitar o financiamento bancario e restaurar a confianza non sistema financeiro (plan de rescate financeiro aprobado polo Congreso de EEUU, o plan de acción coordinado para os países da Área euro, a acción conxunta dos bancos centrais para baixar os tipos de xuro e a decisión do Banco Central Europeo de conceder empréstitos ilimitados aos bancos a un tipo de xuro fixo), o 10 de outubro prodúxose unha caída histórica do IBEX 35 e dos principais índices bolsistas.

Posteriormente, a concreción das medidas dos plans de rescate propiciaron a tímida relaxación das primas de risco no mercado interbancario, a moderación da percepción de risco financeiro e fortes subidas nas bolsas, que non impiden un descenso interanual moi significativo dos principais índices bolsistas.

Deste modo, o 14 de outubro, o IBEX 35 acumulaba neste exercicio unhas perdas do 31,85%, similares as rexistradas polo S&P 500 (31,04%), o Dow Jones (28,62%) e o EURO STOXX amplo (37,94%).

Gráfico: IBEX 35




Gráfico: Eurostoxx50




Gráfico: Dow Jones





Gráfico NIKKEI 225



## 5.- AGREGADOS MONETARIOS DA ÁREA EURO.

A evolución dos agregados monetarios e crediticios na área do euro durante 2008 reflicta xa con máis nitidez que no ano anterior o endurecemento que, dende finais de 2005, cando o BCE iniciou unha orientación máis restritiva da súa política monetaria, veñen rexistrando as condicións monetarias e financeiras da área.

O agregado monetario amplo M3 mantén un crecemento elevado, pero en clara desaceleración respecto ao crecemento co que finalizou o ano 2007. O mantemento de curvas de rendementos planas propicia o aumento da demanda de activos incluídos en M3 por parte dos investidores, dada a súa maior liquidez, e a suba de tipos de xuro estimula os desprazamentos dentro de M3 dende o efectivo e os depósitos á vista aos depósitos a prazo, mellor remunerados, dando lugar a que M1 experimentara no que vai de ano unha sensible desaceleración.

Taxas de crecemento interanual								Saldo vivo en % de M3
	2006	2007	2008					
	IV	IV	I	II	Xul.	Ago.		
Efectivo en circulación	11,1	8,0	7,8	7,8	7,1	7,2	7,1	
Depósitos á vista	6,0	5,5	3,1	1,2	-1,1	-1,2	34,7	
M1	6,8	5,9	3,8	2,3	0,2	0,2	41,9	
Dep. a prazo ata 2 anos	25,2	40,6	41,4	40,3	39,0	37,2	26,5	
Dep. disp. ata 3 meses	1,1	-3,9	-3,3	-2,3	-2,1	-1,8	16,7	
M2	8,7	10,7	10,3	10,0	9,1	8,9	85,1	
Instrumentos negociables	11,3	19,6	16,3	10,2	9,3	8,3	14,9	
M3	9,0	12,0	11,2	10,0	9,1	8,8	100,0	

*(Os datos trimestrais son medias do período. Datos axustados de efectos estacionais e de calendario)*

*Fonte: BCE*

En canto ás contrapartidas de M3, o financiamento ao sector privado e o seu compoñente principal, os empréstitos, que se aceleraran en 2007, mesmo tras o estalido da crise financeira en agosto dese ano, moderaron o seu crecemento en 2008.

Á devandita moderación contribuíron, sobre todo os empréstitos aos fogares e, en concreto, os destinados á adquisición de vivenda, que acentuaron a traxectoria de desaceleración que mostran dende 2006.


		2006	2007	2008			
		IV	IV	I	II	Xul.	Ago.
Crédito a residentes na zona euro		8,8	9,2	10,0	9,6	9,1	9,2
Crédito ás AA PP		-3,1	-4,1	-2,5	-1,2	-0,1	1,5
Préstamos ás AAPP		-0,4	-1,8	-0,9	0,8	1,5	2,0
Crédito ao sector privado		11,9	12,2	12,7	11,9	11,0	10,8
Préstamos ao sector privado		11,2	11,1	11,1	10,5	9,4	8,8
Pasivos financeiros a máis longo prazo (excluído capital e reservas)		9,0	8,5	6,9	4,6	3,5	3,3

A taxa de crecemento interanual do crédito ao sector residente diminúe significativamente en España (951 pb), mentres que en Galicia a caída é máis moderada (269pb).

Por outra banda, a taxa de crecemento interanual dos depósitos do sector residente mostra unha tendencia similar, con caídas máis intensas en España que en Galicia (832 pb fronte a 511 pb).

Deste xeito, en xuño de 2008 Galicia amosa taxas de crecemento de créditos e depósitos máis altas que no resto de España.

**Gráfico: Taxa de crecemento interanual do crédito do sector residente (conxunto de entidades de crédito)**



**Gráfico: Evolución do crédito do sector residente de Galicia (millóns euros)**






Gráfico: Taxa de crecemento interanual dos depósitos do sector residente (conxunto de entidades de crédito)





Gráfico: Evolución dos depósitos do sector residente de Galicia (millóns euros)




## 6.- TIPOS DE CAMBIO.

	2006	2007	2008		
			Abril	Xuño	Setembro
Dólar/euro	1,256	1,371	1,575	1,555	1,437
Variación interanual	11,4%	10,3%	16,5%	15,0%	3,4%
Ien/euro	146,02	161,25	161,56	166,26	153,20
Variación interanual	10,1%	5,6%	0,5%	1,0%	-4,1%

*(media de cada período)*

Os tipos de xuro máis elevados e a maior solidez relativa que parecía mostrar a economía da área euro nos primeiros meses do ano explica, en boa medida, a apreciación experimentada pola moeda europea fronte ao dólar ao longo da primeira metade do ano. Non obstante, o empeoramento das perspectivas económicas da área euro contribuíu a que o dólar recuperase posicións nos mercados de divisas a partir do mes de agosto.

Gráfico: Tipo de cambio Dólar/Euro



### III. Os Orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2009

---

## 1.- O ESCENARIO ORZAMENTARIO.

O escenario orzamentario do ano 2009 está elaborado nun contexto económico e financeiro que ven claramente marcado polas incertezas manifestadas sobre o crecemento da economía mundial, derivadas do endurecemento da crise financeira internacional, que motiva unha revisión á baixa do crecemento da maioría das economías occidentais. Este contexto económico fai que as estimacións orzamentarias se definan nun marco de austeridade presupuestaria, tendo como obxectivo primordial favorecer a creación de emprego, garantir o desenvolvemento das políticas sociais e mitigar os efectos da crise sobre a actividade económica.

O total de gastos non financeiros do orzamento consolidado ascenden a 11.426,4 millóns de euros, incrementándose no seu conxunto na porcentaxe do 4,2 % respecto ao exercicio anterior (uns 465,6 millóns de euros).

### CADRO 1. GASTOS NON FINANCEIROS

ORZAMENTO CONSOLIDADO	2009	%	% A 2009-08	A 2009-08
GASTOS DE PERSOAL	3.691.9	32.3	7.2	247.9
GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	1.416.3	12.4	5.1	68.3
GASTOS FINANCEIROS	147.8	1.3	0.9	1.3
TRANSFERENCIAS CORRENTES	3.267.6	28.6	2.5	78.6
GASTOS POR OPERACIÓNS CORRENTES	8.523.5	74.6	4.9	396.1
FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREV.	98.8	0.9	51.8	33.7
INVESTIMENTOS REAIS	1.439.0	12.6	4.1	56.8
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.365.1	11.9	-1.5	-21.0
GASTOS POR OPERACIÓNS DE CAPITAL	2.804.1	24.5	1.3	35.8
<b>TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS</b>	<b>11.426.4</b>	<b>100.0</b>	<b>4.2</b>	<b>465.6</b>

Millóns de €

Os gastos por operacións correntes (excluído o fondo de continxencia) no seu conxunto moderan o seu crecemento, situado no 4,9% (catro puntos menos que no orzamento anterior), como consecuencia da política de austeridade motivada por un descenso nos ingresos correntes dun 1,8% con respecto ao ano 2008 e polo necesario esforzo inversor a realizar no orzamento.

Estes gastos por operacións correntes ascenden a 8.523,5 millóns de euros e o seu crecemento está asociado ao funcionamento dos servizos públicos básicos (emprego, educación, sanidade e servizos sociais) que teñen unha clara incidencia nos gastos de persoal, bens e servizos e transferencias correntes.

Dentro destes gastos por operacións correntes inclúense, por primeira vez neste exercicio, os gastos de persoal e bens correntes e servizos derivados da integración das fundacións hospitalarias no orzamento consolidado. Deste xeito, illando o efecto que estes gastos supoñen, así como os gastos que pola súa propia natureza, non son claramente de carácter recorrente - os gastos derivados do proceso electoral no ano 2009 (8,4 millóns de euros) a estrutura comparativa en termos homoxéneos dos gastos non financeiros se establece no cadro nº 2 e sitúa o crecemento dos gastos de persoal no 5,7% respecto ao ano 2008 e os gasto de bens e correntes e servizos nun 2,5%.

## CADRO 2. GASTOS NON FINANCEIROS: ESTRUCTURA EN TERMOS HOMOXÉNEOS

ESTRUTURA DO GASTO NON FINANCEIRO	2009	%	% A 2009-08	A 2009-08
GASTOS DE PERSOAL	3,691.9	32.3	5.7	199.5
GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	1,416.3	12.4	2.5	34.8
GASTOS FINANCEIROS	147.8	1.3	1.2	1.8
TRANSFERENCIAS CORRENTES	3,267.6	28.6	4.7	147.6
GASTOS POR OPERACIÓNS CORRENTES	8,523.5	74.6	4.7	383.7
FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREV.	98.8	0.9	52.0	33.8
INVESTIMENTOS REAIS	1,439.0	12.6	4.1	57.0
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1,365.1	11.9	-1.5	-20.9
GASTOS POR OPERACIÓNS DE CAPITAL	2,804.1	24.5	1.3	36.1
AXUSTES				-12.0
TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS ORZAMENTO CONSOLIDADO	11,426.410		4.2	465.6

Millóns de €

Por último, o total de gasto non financeiro inclúe o que corresponden as infraestruturas xestionadas na actualidade en réxime concesional (autovía Santiago-Brión, Salnés e Barbanza: 22,5 millóns e 8,9 millóns da A-G 53).

O 74,6 % dos gastos non financeiros do orzamento corresponden a gastos por operacións correntes, o 0,9% a gastos incluídos no fondo de continxencia, e o 24,5 % está constituído por dotacións para operacións de capital.

Os ingresos non financeiros ascenden a 10.941,3 millóns de Euros, cunha diminución do 1,3% sobre o orzamento do ano 2008.

A estrutura orzamentaria destes ingresos, pon de manifesto a súa dependencia dos impostos indirectos e das transferencias correntes.

Neste senso, a diminución dos ingresos correntes é do 1,8% sobre o ano 2008, como consecuencia da caída dos ingresos tributarios (impostos

indirectos: IVA e Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados) polo efecto do actual ciclo económico con caída no consumo e agravamento da situación do sector inmobiliario. Esta diminución dos ingresos correntes é matizada polo aumento do IRPF derivado do crecemento acadado nos últimos anos na actividade económica de Galicia.

As transferencias correntes representan o 52,9% dos ingresos non financeiros e redúcense un 1,8%. Maioritariamente a orixe destas transferencias procede do sistema de financiamento aprobado pola Lei 21/2001, do 27 de decembro.

### CADRO 3. INGRESOS NON FINANCEIROS

ORZAMENTO CONSOLIDADO	2009	(%)	% A 2009-08	A 2009-08
IMPOSTOS DIRECTOS	1,515.9	13.9	11.1	151.7
IMPOSTOS INDIRECTOS	2,399.5	21.9	-10.8	-289.4
TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTRO INGRESOS	286.0	2.6	12.9	32.6
<b>SUBTOTAL CAP. I, II e III</b>	<b>4,201.4</b>	<b>38.4</b>	<b>-2.4</b>	<b>-105.2</b>
TRANSFERENCIAS CORRENTES	5,787.3	52.9	-1.8	-107.3
INGRESOS PATRIMONIAIS	54.4	0.5	129.5	30.7
<b>INGRESOS CORRENTES</b>	<b>10,043.1</b>	<b>91.8</b>	<b>-1.8</b>	<b>-181.8</b>
ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS	111.1	1.0	12.3	12.2
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	787.1	7.2	3.8	29.0
<b>INGRESOS CAPITAL</b>	<b>898.2</b>	<b>8.2</b>	<b>4.8</b>	<b>41.2</b>
<b>TOTAL INGRESOS NON FINANCEIROS</b>	<b>10,941.3</b>	<b>100.0</b>	<b>-1.3</b>	<b>-140.6</b>

Millóns de €

O aforro, como diferenza entre ingresos e gastos por operacións correntes (excluídos os gastos do fondo de continxencia) ascende a 1.519,6 millóns de euros e proporciona o 54,2% da capacidade de financiamento de operacións de capital.




## CADRO 4. EVOLUCIÓN DO AFORRO

ORZ. CONSOLIDADO	2009	%A 2009-08	A 2009-08
INGRESOS CORRENTES	10,043.1	-1.8	-181.8
GASTOS POR OPERACIÓNS CORRENTES	8,523.5	4.9	396.1
<b>AFORRO</b>	<b>1,519.6</b>	<b>-27.6</b>	<b>-577.9</b>

*Millóns de €*

O forte incremento no aforro no período 2006-2008 cun crecemento medio do 15,4% inverte a tendencia no actual exercicio como consecuencia da caída dos ingresos.

## GRÁFICO 1. EVOLUCIÓN DO AFORRO



A dotación para investimento no orzamento consolidado cifranse en 1.439 millóns de euros, incrementándose un 4,1% (56,8 millóns de Euros), fronte ao 3,7% do orzamento de 2008.

## CADRO 5. EVOLUCIÓN GASTOS POR INVESTIMENTO

	2009	(%) A 2009-08	A 2009-08
ADMINISTRACIÓN XERAL	1,142.6	3.5	38.7
ORGANISMOS AUTÓNOMOS	293.4	5.4	15.0
AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS	3.1	-	3.1
<b>TOTAL</b>	<b>1,439.0</b>	<b>4.1</b>	<b>56.8</b>

Millóns de €

As transferencias de capital que realiza a administración e os seus organismos autónomos para financiar investimentos doutros axentes da economía ascende a 1.365,1 millóns de euros.

## CADRO 6: EVOLUCIÓN GASTO POR TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

	2009	(%) A 2009-08	A 2009-08
ADMINISTRACIÓN XERAL	1,399.0	0.0	0.0
ORGANISMOS AUTÓNOMOS	191.2	-2.7	-5.2
AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS	6.6	-	6.6
<b>TOTAL</b>	<b>1,365.1</b>	<b>-1.5</b>	<b>-20.8</b>

Millóns de €

Os investimentos directos xunto coas transferencias de capital ascenden a 2.804,1 millóns de euros e supoñen o 24,5% dos gastos non financeiros.

O gasto por activos financeiros é de 120,5 millóns de Euros.

## CADRO 7. AFORRO E INVESTIMENTO

ORZAMENTO CONSOLIDADO	2009	% A 2009-08	A 2009-08
AFORRO	1,519.6	-27.6	-577.9
INGRESOS DE CAPITAL	898.2	4.8	41.2
INVERSIÓN POR OPERACIÓNS DE CAPITAL	2,804.1	1.3	35.8
DÉFICIT POR OP. DE CAPITAL	1,905.9	-0.3	-5.4
FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	98.8	51.8	33.7
NECESIDADE (-) OU CAPACIDADE (+) DE FINANCIAMENTO	-485.1	-500.7	-606.2
VARIACIÓN ACTIVOS FINANCEIROS	-119.5	-1.3	1.5
OUTROS	6.5	-	6.5
ENDEBEDAMENTO NETO	598.1	-	598.1

Millóns de €

No marco da Lei xeral de estabilidade orzamentaria e nos Acordos sobre cuantificación do endebedamento polo Consello de Política Fiscal e Financeira, o orzamento 2009 presenta un endebedamento máximo do 1 % do PIB galego, que permite acadar un crecemento do gasto non financeiro do 4,2% lixeiramente expansivo, e que reforza o investimento, cun incremento do 4,1% respecto do ano 2008. Crecemento que, coa finalidade de reactivar a recuperación económica, se sitúa por riba do crecemento esperado do PIB para a economía galega (3,8%).

OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA PARA A COMUNIDADE  
AUTÓNOMA DE GALICIA ANO 2009

CAPACIADADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMENTO

\*(% DO PIB)


2009
1

\*O Obxectivo inclúe o déficit adicional por investimentos a que se refire o artigo 3.1 da LO 5/2001

O endebedamento neto para financiar o volume de gastos de capital se sitúa en 598,1 millóns de Euros e supón o 21,3% do total do investimento por operacións de capital do orzamento consolidado

Os ratios de Débeda viva neste orzamento, como consecuencia do incremento do endebedamento neto autorizado, pasan de representar o 6,1% do PIB no 2008 ao 7,2% no 2009, lixeiramente inferior ao do ano 2005.

GRÁFICO 2. DÉBEDA VIVA/PIB (%)



CADRO 8. EVOLUCIÓN DO ENDEBEDAMENTO NETO

CONSOLIDADO	2009	%A 2009-08	A 2009-08
INGRESOS ACTIVOS FINANCIEROS	0.9	39.3	0.3
GASTOS ACTIVOS FINANCIEROS	120.5	-1.0	-1.3
VARIACIÓN NETA DE ACTIVOS FINANCIEROS	-119.5	-1.3	1.5
INGRESOS PASIVOS FINANCIEROS	850.6	79.6	377.0
GASTOS PASIVOS FINANCIEROS	245.9	-48.1	-227.6
OUTROS	6.5	-	6.5
ENDEBEDAMENTO NETO	598.1	-	598.1

Millóns de €

Na variación neta de pasivos financeiros recóllense un total 6,5 millóns de euros en concepto de ingresos con orixe en fianzas do IGVS.

A variación neta de activos financeiros ascende -119,5 millóns de euros.

Ao volume de investimentos do orzamento consolidado se deben engadir un total de 549,3 millóns de euros (contía que non inclúe o gasto financiado con transferencias procedentes do orzamento de gastos consolidados) materializados nos estados de gastos das sociedades públicas e mais nos orzamentos de capital das mesmas, que, como investimento realizados polos diferentes axentes públicos teñen efecto directo na capitalización das empresas, nas dotacións de infraestruturas públicas e no tecido empresarial e na economía do país

Esta agregación ascende a 1.922,1 millóns, cun incremento do 8,0% sobre o mesmo concepto do orzamento do 2008 (uns 142,7 millóns de euros).

## CADRO 9. INVESTIMENTO REAL

	2009	(%) A 2009-08	A 2009-08
ADMINISTRACIÓN XERAL (Cap. 6)	1,142.6	3.5	38.7
* AXUSTES	66.2	6.8	4.2
ORGANISMOS AUTÓNOMOS (Cap. 6)	293.4	5.4	15.0
AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS (Cap. 6)	3.1	-	3.1
** SOCIEDADES E OUTROS ENTES PÚBLICOS	549.3	19.6	90.1
<b>TOTAL</b>	<b>1,922.1</b>	<b>8.0</b>	<b>142.7</b>

Millóns de €

\* Axustes SPI

\*\*Só se reflicte o investimento non financiado con transferencias internas

Si temos en conta o total de operacións de capital (Cap. 6+7 do orzamento consolidado) o investimento público inducido pola acción conxunta, en termos consolidados, da Admon xeral, os seus Organismos Autónomos e Axencias Públicas, os Entes, Sociedades Públicas e Fundacións ascende a 3.387,2, cun incremento do 3,9% sobre o ano 2008 e que representa o 5,6% do PIB previsto para Galicia no ano 2009.

## CADRO 10. INVESTIMENTO PÚBLICO

	2009	(%) A 2009-08	A 2009-08
ADMINISTRACIÓN XERAL (Cap. 6+7)	2,541.5	1.5	38.7
* AXUSTES	66.2	6.8	4.2
ORGANISMOS AUTÓNOMOS (Cap. 6+7)	484.5	2.1	9.8
AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS (Cap. 6+7)	9.7	-	9.7
** SOCIEDADES E OUTROS ENTES PÚBLICOS	549.3	19.6	90.1
<b>TOTAL</b>	<b>3,287.2</b>	<b>3.9</b>	<b>121.9</b>

Millóns de €

\* Axustes SPI

\*\*Só se reflicte o investimento non financiado con transferencias internas

Este investimento inclúe como inmovilizado financeiro do IGAPE un total de 150 millóns de euros, unha dotación excepcional que ten como obxectivo o potenciamento das ferramentas para financiamento empresarial (programas de préstamos directos.Fondos BEI) .


Tamén inclúe as actuacións previstas polas catro empresas públicas XESTUR (Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra) en solo empresarial e residencial.

O 68,2% dos gastos de capital orzamentados incluíndo as sociedades e os entes adícase á investigación, desenvolvemento e innovación, sociedade da información e infraestruturas produtivas e do transporte, así como ao fomento do desenvolvemento empresarial e á dinamización e modernización económica dos sectores produtivos.



O 24,9% destínase aos servizos públicos básicos: sanidade, educación e outros servizos públicos e sociais e protección e promoción social.

**GRÁFICO 3. CLASIFICACIÓN FUNCIONAL DO INVESTIMENTO PÚBLICO**



**Detalle por funcións:**

1. Actuacións de carácter xeral: administración xeral ...
3. Protección e promoción social: acción social e promoción social, promoción do emprego ...
4. Producción de bens públicos de carácter social: sanidade, educación, vivenda ...
5. Producción de bens públicos de carácter económico: promoción de solo para actividades económicas, infraestruturas, investigación, desenvolvemento e innovación, sociedade da información
6. Regulación económica de carácter xeral: actuacións económicas xerais e actividades financeiras
7. Regulación económica de sectores produtivos: dinamización económica, desenvolvemento empresarial, turismo, comercio ...

O total de gastos non financeiros do orzamento consolidado ascenden a 11.426,4 millóns de euros, incrementándose no seu conxunto na porcentaxe do 4,2 % respecto ao exercicio anterior (uns 465,6 millóns de euros).

O total do orzamento consolidado ascende a 11.792,8 millóns de euros e representa un crecemento do 2,0 % respecto ao ano 2008.

### CADRO 11. INGRESOS TOTAIS

ORZAMENTO CONSOLIDADO	2009	% A 2009-08	A 2009-08
INGRESOS NON FINANCIEROS	10,941.3	-1.3	-140.6
ACTIVOS FINANCIEROS	0.9	39.3	0.3
PASIVOS FINANCIEROS	850.6	79.6	377.0
INGRESOS FINANCIEROS	851.5	79.6	377.3
TOTAL INGRESOS	11,792.8	2.0	236.7

Millóns de €

### CADRO 12. GASTOS TOTAIS

ORZAMENTO CONSOLIDADO	2009	% A 2009-08	A 2009-08
GASTOS NON FINANCIEROS	11,426.4	4.2	465.6
ACTIVOS FINANCIEROS	120.5	-1.0	-1.3
PASIVOS FINANCIEROS	245.9	-48.1	-227.6
GASTOS FINANCIEROS	366.4	-38.4	-228.9
TOTAL GASTOS	11,792.8	2.0	236.7

Millóns de €

**CADRO 13. DISTRIBUCIÓN DOS ORZAMENTOS POR SECCIÓNS  
ORZAMENTARIAS**

<b>CONSOLIDADO</b>				
<b>Sección</b>	<b>2008</b>	<b>2009</b>	<b>Variación absoluta</b>	<b>% A</b>
Parlamento	21.74	21.52	-0.22	-1.0
Consello de Contas	7.68	7.98	0.31	4.0
Consello da Cultura Galega	3.25	3.15	-0.10	-3.2
Presidencia da Xunta	207.90	213.50	5.60	2.7
Vicepresidencia da Igualdade e Benestar	493.52	546.65	53.13	10.8
C. Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	219.33	217.88	-1.45	-0.7
C. Economía e Facenda	177.71	181.25	3.53	2.0
C. Política Territorial, Obras Públicas e Transportes	580.09	619.23	39.14	6.7
C. Educación e Ordenación Universitaria	2,287.43	2,389.31	101.88	4.5
C. Innovación e Industria	369.15	382.26	13.10	3.5
C. Medio Rural	629.60	640.62	11.02	1.8
C. Cultura e Deporte	184.63	178.66	-5.97	-3.2
C. Sanidade	3,440.08	3,546.75	106.67	3.1
C. Pesca e Asuntos Marítimos	234.29	206.77	-27.52	-11.7
C. Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	217.20	222.62	5.43	2.5
C. Traballo	377.63	419.91	42.28	11.2
C. Vivenda e Solo	119.93	117.36	-2.57	-2.1
Consello Consultivo de Galicia	2.38	2.35	-0.03	-1.4
Transferencias a Corporación Locais	949.88	965.58	15.71	1.7
Débeda Pública da Comunidade Autónoma	619.31	393.04	-226.27	-36.5
Gastos de diversas consellerías	81.74	140.98	59.24	72.5
<b>TOTAL Administración Xeral</b>	<b>11,224.47</b>	<b>11,417.385495</b>	<b>192.92</b>	<b>1.7</b>
Servizo Galego de Promoción da Igualdade	10.84	9.65	-1.18	-10.9
Escola Galega da Administración Pública	5.18	4.17	-1.01	-19.5
Centro Estudos X.E.S.P. Galicia		2.40	2.40	-
Academia Galega de Seguridade Pública	3.28		-3.28	-100.0
Instituto Galego de Estatística	5.40	5.20	-0.20	-3.7
Tribunal Galego de Defensa da Competencia	0.94	0.90	-0.04	-4.0
Axencia galega protecc. Leg Urb		4.54	4.54	-
Instituto Galego de Consumo	8.23	8.28	0.05	0.6
SERGAS	3,531.86	3,655.70	123.84	3.5
Augas de Galicia	160.33	164.99	4.66	2.9
Instituto Seguridade e Saude Laboral		10.71	10.71	-
Fondo Galego de Garantía Agraria	64.02	59.29	-4.74	-7.4
Instituto Galego de Vivenda e Solo	114.24	126.76	12.51	11.0
<b>TOTAL OO.AA.</b>	<b>3,904.32</b>	<b>4,052.578147</b>	<b>148.26</b>	<b>3.8</b>
Axencia Galega de Industrias Culturais	9.38	14.55	5.18	n.a
<b>TOTAL Axencias Públicas Autonómicas</b>	<b>9.38</b>	<b>14.55</b>	<b>5.18</b>	<b>n.a</b>
<b>TOTAL Consolidado</b>	<b>11,556.12</b>	<b>11,792.82</b>	<b>236.70</b>	<b>2.0</b>

Millóns de €

### CADRO 14. RELACIÓN SOCIEDADES, E OUTROS ENTES PÚBLICOS INCLUÍDOS NO ORZAMENTO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA 2009

SOCIEDADES MERCANTÍS	ENTES E FUNDACIÓNS
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	Compañía de Radiotelevisión de Galicia e Sociedades
Centro Europeo Empresas e Innovación de Galicia,S.A.	Axencia Galega de Emerxencias
SODIGA, S.C.R.	Consello Económico e Social
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.	Instituto Galego de Promoción Económica
Xes Galicia, S.A.	CIXTEC
Autoestrada Alto de Santo Domingo - Ourense	Portos de Galicia
S.A. de Xestión do Centro Supercomputación de Galicia	Instituto Enerxético de Galicia
Galicia Calidade, S.A.	Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
Sociedade Imaxe e Promoción Turística de Galicia,S.A.	Instituto Galego da Calidade Alimentaria
S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia	Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A.	Instituto Galego de Oftalmoloxía
S.A. Xestora do Banco de Terras de Galicia	F. P. Escola Galega de Administración Sanitaria
Xenética Fontao, S.A.	Fundación Pública Urxencias Sanitarias Galicia - 061
S.A. de Xestión do Plan Xacobeo	Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia
Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A.	Fundación Pública de Medicina Xenómica
Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.	Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño
Xestión Urbanística de A Coruña, S.A.	Obras e Servizos Hidráulicos
Xestión Urbanística de Lugo, S.A.	Consello Galego de Relacións Laborais
Xestión Urbanística de Ourense, S.A.	
Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.	

### CADRO 15. INVESTIMENTO PÚBLICO A TRAVÉS DE SOCIEDADES OUTROS ENTES PÚBLICOS DEDUCIDOS DOS SEUS ESTADOS DE GASTO

SOCIEDADES E OUTROS ENTES PÚBLICOS	2009
<b>*Investimento</b>	<b>825.1</b>
<b>Axustes</b>	<b>275.7</b>
<b>Investimento real</b>	<b>549.3</b>

Millóns de €

## 2.- AS PRIORIDADES DO GOBERNO E A SÚA MATERIALIZACIÓN NO ORZAMENTO CONSOLIDADO

---

### OBXECTIVOS DE POLÍTICA ECONÓMICA DO GOBERNO EN GALICIA EN 2009

#### 1. Crecemento do PIB: 1.3%

É dicir, un obxectivo de incrementar o PIB galego tres décimas por enriba da media española, o que resulta factible se se considera que, na primeira metade de 2008, o produto interior de Galicia experimentou unha progresión interanual do 2.8%, superior en seis décimas á cifra correspondente ao conxunto do estado.

Tendo en conta a fase do ciclo na que se emprazará 2009, ese mellor resultado relativo fundamentarase nunha inferior caída do principal compoñente da demanda interna, o consumo privado, e nunha maior contribución do sector exterior ao crecemento do PIB.

Ese avance do PIB é necesario para seguir avanzando no proceso de converxencia do nivel e das condicións de vida de Galicia con respecto a España e á Unión Europea. Convergencia que, nos tres últimos anos, intensificou o seu ritmo de forma notable, posto que a distancia entre o PIB per cápita galego e o de UE-27 -contabilizados en termos de paridade de poder de compra- reduciuse en 4.5 puntos porcentuais, equivalendo o primeiro ao 88.5% do segundo en 2007. Polo tanto, o goberno galego non renuncia, malia a crise que padece a economía mundial, a seguir mantendo a velocidade de converxencia para igualar, nun prazo razoable, a nosa renda real por habitante coa media europea.

## 2. Mantemento do emprego

Os escenarios macroeconómicos que acompañan aos presupostos xerais do estado formulan un descenso do 0.5% do emprego, en termos de Contabilidade Nacional. O obxectivo do goberno galego é o mantemento da poboación ocupada nun nivel moi próximo a 1.2 millóns de persoas para o conxunto de 2009, é dicir, como media dos catro trimestres, sendo previsible que na primeira metade do ano se rexistre unha inflexión á baixa que se verá compensada no segundo semestre.

Como consecuencia do incremento da poboación activa, en torno a un 1.5%, o paro experimentaríase unha suba, co resultado final de que a taxa de paro se elevaría ata unha media anual do 10.4%, dous puntos por debaixo da media estatal.

### PRIORIDADES DO ORZAMENTO

Nun marco de Orzamentos anticrise para o ano 2009, os criterios para a elaboración das contas públicas centráronse basicamente na procura de maior eficacia e eficiencia no gasto, no impulso á dinamización da economía e no reforzo das políticas sociais. A promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres insertouse na programación xeral e no deseño das actuacións obxecto de financiamento e tamén o cumprimento das medidas contidas no Diálogo Social e o Acordo pola competitividade de Galicia 2008-2011.

O goberno concentra os seus esforzos orzamentarios en nove prioridades que considera estratéxicas para favorecer a creación de emprego, garantir o desenvolvemento das políticas sociais e mitigar os efectos da crise sobre a actividade económica.

Estas nove prioridades absorben no seu conxunto 8.318 millóns para actuacións en gasto social e produtivo nun marco de austeridade do gasto público.

No gasto social hai cinco prioridades estratéxicas: o emprego, os servizos sociais e a dependencia, o transporte público, a vivenda e a sanidade. Están dotadas con 5.066 millóns, 266 millóns mais que no pasado exercicio para actuacións que favorezan, de xeito subliñable, o acceso ao emprego. Pero tamén para estender e incrementar a calidade dos servizos sociais e sanitarios, medidas que reforcen as políticas de apoio ás familias e a consolidación do sistema de atención a persoas en situación de dependencia. Inclúe accións que permiten facilitar o acceso á vivenda en venda ou aluguer, que apoien a rehabilitación do patrimonio residencial edificado, actuacións que van configurando o plan de transporte público integrado con coordinación das diferentes redes e modalidades de transporte.

As prioridades estratéxicas no ámbito produtivo son: a educación, o I+D+i e a sociedade da información, e tamén as infraestruturas produtivas que doten dunha mellor conectividade e accesibilidade ao territorio e o apoio á actividade empresarial. Estas prioridades teñen un orzamento de 3.252 millóns no 2009, 299 millóns mais que no ano anterior para mellorar a formación do capital humano e aumentar a produtividade e a competitividade da nosa economía, a partir da xeración de innovación, o estímulo da capacidade emprendedora e o apoio a sociedade do coñecemento.

### DINAMIZACIÓN DA ECONOMÍA/ ACORDO POLA COMPETITIVIDADE

Nestes Orzamentos concrétanse as medidas do goberno para o escenario de crise económica internacional que tamén afronta a sociedade galega e que resúmense en dotar de maior número de instrumentos de apoio ao investimento das empresas e emprendedores para impulsar o crecemento económico e a creación de emprego.

A actitude proactiva do goberno dende o comezo da crise conclúe na plasmación, nos Orzamentos do 2009, dun conxunto de medidas, algunhas pioneiras no ámbito da administración, que facilitan o financiamento para necesidades de circulante, para refinanciamento de pasivos e para ampliación de capital e que se engaden as fórmulas usuais de préstamo, aval e capital risco.

O cumprimento das medidas contidas no Acordo pola competitividade de Galicia 2008-2011, asinado cós axentes sociais este ano, reflíctese na orzamentación con maior investimento en todas as actuacións dos cinco eixes que articulan o Acordo e incrementan o seu gasto total en 277 millóns, un 12,7% mais que no 2008. Concéntrase este incremento nos programas e proxectos en relación coas prioridades orzamentarias.



Eixes	2009	% Δ 2009-08
1. Desenvolvemento e modernización empresarial	403	66,0
2. Demografía, mercado de traballo e capital humano	360	14,3
3. I+D+i e Sociedade da Información	163	10,5
4. Redes de transporte e infraestruturas enerxéticas	597	7,6
5. Medio ambiente e territorio	656	2,1

Realízase un notable esforzo no primeiro eixe que recolle as medidas para apoiar o desenvolvemento e a modernización empresarial onde o incremento é dun 66%.

Fortalécese notablemente o eixe dous que concentran as actuacións de fomento da empregabilidade, as medidas de emprego contidas no Acordo reciben unha aportación un 14,3% superior ao ano anterior. No marco das medidas de impulso a creación de emprego destacan o programa de incentivos á contratación, dotado con 78 millóns de euros, para fomentar a creación de emprego de calidade e os incentivos á contratación de desempregados, así como a posta en marcha de políticas activas de emprego e de actuacións específicas para sectores con dificultades especiais.

Tamén cabe subliñar o incremento no eixe tres da sociedade do coñecemento que medra un 10,5% mais que no exercicio anterior. Dentro deste eixe as dotacións destinadas a I+D+i ascenden a 143 millóns, 8,8 máis que no 2008.

Nestes Orzamentos continúa o compromiso coa Educación que incrementa o seu presuposto nun 5% e recibe 2.400 millóns. É salientable o reforzo financeiro ao sistema universitario galego e a súa promoción científica e técnica, o investimento para o Plan de financiamento das Universidades crece en 20 millóns. Tamén destaca o aumento de recursos na ensinanza primaria e nas ensinanzas especiais. Esforzos que aumentarán a cualificación do noso capital humano como a posta en marcha do II Plan de Formación Profesional, os programas de cualificación profesional e de diversificación curricular, a ampliación de servizos complementarios nos centros de ensino, con máis de 500 prazas adicionais en servizos de comedor ou as maiores dotacións para actividades extraescolares e deportivas.

O investimento en infraestruturas de transporte crece un 7,7% respecto do ano anterior, cós obxectivos de continuar completando a rede viaria de altas prestacións e de mellorar a accesibilidade nos ámbitos comarcais e aos eixos de articulación territorial para reforzar o soporte das actividades económicas. Á seguridade viaria destínanse 35 millóns de euros para a eliminación de tramos de concentración de accidentes (7,8% máis) e invístense 61 millóns de euros na conservación e mantemento de estradas.

## POLÍTICAS SOCIAIS

Os Orzamentos do 2009 apoian de xeito decidido as actuacións e programas que favorezan a mellora e extensión dos servizos de benestar.

Os servizos sociais e a dependencia, o transporte público, a vivenda e a sanidade, prestacións básicas que garanten o incremento da cohesión social con políticas redistributivas para os colectivos mais desfavorecidos, contan nestes Orzamentos con financiamento suficiente para ampliar a calidade e cantidade dos servizos sociais, especialmente, os incluídos no ámbito da asistencia á dependencia que están dotados con 570 millóns de euros, aumentando o seu orzamento nun 10,7% mais que no 2008. O sistema galego de atención á dependencia e á promoción da autonomía persoal, recibe un 33% de recursos máis que en 2008 para atender a 34.000 dependentes, duplicando a cifra do ano anterior, atendidos en centros de día, residencias, no seu contorno familiar ou a través de axuda no fogar.

As políticas sociais prioritarias dótanse de maiores recursos có obxecto de mellorar e incrementar a calidade de vida.

Os recursos para Sanidade aumentan en 149 millóns de euros no ano 2009 para cubrir as demandas de novos equipamentos e nova tecnoloxía nos servizos sanitarios como a receita electrónica que permitirán incrementar a calidade das prestacións. Aumentan as dotacións para atención primaria en 53 millóns de euros, impulsase o Plan de atención integral á saúde da muller coa implantación da vacina contra o virus do papiloma humano e incorporación de novas tecnoloxías. A Sanidade recibe no seu conxunto unha achega de 3.788 millóns.

O fomento das políticas de igualdade e protección e apoio as mulleres reciben especial atención polo que duplícase a dotación das accións para a igualdade, protección e promoción da muller .

O compromiso da Xunta de Galicia para garantir o acceso a unha vivenda digna queda reflectido no Orzamento para 2009. Os programas de vivenda crecen un 7,7% respecto do ano anterior. Para promover o acceso á vivenda destínanse 109 millóns de euros, 10,5 % máis que en 2008. As actuacións para fomentar a rehabilitación e a vivenda de calidade, reciben 76 millóns de euros, tamén incrementáanse as axudas para adquisición de vivendas de promoción pública autonómica, as bolsas de aluguer e a rehabilitación dos centros históricos, áreas de renovación urbana, núcleos rurais e costeiros.

Outra prioridade nestes Orzamentos son as actuacións para mellorar e ampliar o ámbito de actuación das políticas de transporte público, tanto de mercadorías como de pasaxeiros, que reciben un 8,6% mais que no 2008 para poñer en marcha o novo sistema de transporte público. As medidas de ordenación e inspección do transporte incrementan su presuposto en 6 millóns de euros sobre o 2008, para actuacións nun sistema tarifario integrado e cun medio de pago común, para a redución de tarifas e transbordo gratuíto con tarxeta de transporte metropolitano, para a coordinación das diferentes redes de transporte, para a mellora da oferta de servizos de transporte interurbano e para cumprir cos obxectivos recollidos no Petragal, programa de apoio aos transportistas, que incrementa nun 21% a súa dotación.

As prioridades do Orzamento de 2009 desenvolveranse no marco do crecemento sostible cumprindo coas esixencias da sustentabilidade e atendendo as necesidades de salvagarda, conservación, mellora e

promoción do medio ambiente, coa valorización do medio rural e litoral para aproveitar as súas potencialidades.

### OBXECTIVOS TERRITORIAIS

O reequilibrio territorial segue a ser un obxectivo transversal nestes Orzamentos para poñer en valor o territorio e reforzar a cohesión social, mediante políticas de vertebración territorial, de promoción económica, equipamento social e de sustentabilidade ambiental.

Para o ano 2009, as actuacións de reequilibrio territorial elévanse a 382 millóns de euros, un 15,3 % máis que no ano anterior. Son 51 millóns de euros máis que en 2008 para actuacións nos concellos incluídos nas catro zonas de intervención do Plan de Reequilibrio. Esta partida inclúe actuacións por un mínimo de 12 millóns de euros para a recuperación das zonas afectadas por encoros destinados á produción de enerxía hidroeléctrica.

Ao Plan Costa da Morte destínanse 45 millóns de euros, un 25% mais que no exercicio anterior e no caso do Plan para o desenvolvemento integral das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal o incremento concéntrase nas axudas ás empresas para os proxectos que se promovan nos concellos das tres comarcas.